

COMUNICADO Nº 001/21
4 DE XANEIRO DE 2021

NOVIDADES 2021:

- A) Ante a mais que previsible e necesaria redución de aforos nos actos públicos, nos vindeiros meses, a Comisión Executiva da Federación Galega de Automobilismo acorda anulala gala presencial 2020/2021 que estaba prevista para o día 6 de febreiro do 2021 no Auditorium Municipal da vila de O Carballiño. Os agasallos, trofeos, e premios en metálico serán enviados por menxasería e transferencia bancaria. Esperamos retomalas galas a partir do 2022, inclusive, de modo presencial tan pronto a pandemia que estamos a sufrir nos deixe e todo volva a normalidade no eido das aglomeracións de siareiros e deportistas.
- B) Ante as esixencias do Excmo. Concello de A Coruña, na celebración do 25 aniversario do Rallye de A Coruña, 2021, para utilizala fermosa Praza de María Pita dacordo co Comité Organizador da Entidade One Seven; muda a data de celebración no calendario deportivo e no programa “Traza” da “Dirección General de Tráfico” para os días 28 e 29 de maio do 2021.
- C) A partir do primeiro rallye da tempada de 2021 (35º Rali Berberecho de Noia) estrearánse os novos equipos de cronometraxe avanzado coas novas cronoprinter Tag Heuer (Professional Timing) Modelo 545.

***Para velo manual de usuario versión 11/2014, pincha enriba da imaxe.**

